

Anexo III

1.- DESCRICIÓN DO POSTO

O posto de asesor/a técnico na oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas ten como función principal asistir á directora da devandita oficina na proposta, programación, e execución das actividades da Fundación Galicia Europa en cada nos seguintes ámbitos de actuación:

- Defensa dos intereses galegos perante a UE
- Información sobre a Unión Europea en Galicia
- Formación e sensibilización sobre a Europa en Galicia
- Promoción da participación galega en proxectos europeos

2.- TAREFAS A DESENVOLVER

O asesor/a desenvolverá principalmente, as seguintes tarefas:

- Facer un seguimento e analizar as políticas da UE dende o punto de vista dos intereses galegos co obxectivo de deseñar e levar á práctica estratexias de defensa destes intereses dentro do proceso comunitario de toma de decisións
- Fomentar e apoiar a participación galega nas institucións comunitarias pertinentes, noutros foros de debate en Bruxelas e en redes de cooperación rexional
- Asesorar sobre as posibilidades de financiamento comunitario para promover a participación galega en proxectos europeos
- Informar sobre o desenvolvemento das políticas da UE dende a perspectiva galega
- Formar aos bolseiros en prácticas na oficina de Bruxelas.
- Colaborar no deseño e celebración de actos e seminarios en Galicia para dar a coñecer a UE